



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

988 317 993

CIF: G32244345

ÁLVARO VILA ARAÚJO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

En relación a anteriores solicitudes de información sobre o expediente da sanción pola denuncia da DGT ao vehículo oficial da Deputación de Ourense do 23 de abril de 2023 as 17:44 no km. 210.9 na autovía A-52 a altura do Concello de Allariz e logo de non ter recibido a documentación solicitada, aínda que sí acceso ao expediente, reiteramos a petición dos seguintes documentos:

- Copia do informe asinado en data 28/11/2023 polo Xefe do Parque de Maquinaria da Deputación Provincial de Ourense onde se certifica a imposibilidade de identificar ao conductor por carecer de documento xustificativo.
- Copia da denuncia da DGT recibida nesta Deputación, e que foi imposta en data do 23 de abril de 2023, no km. 210.9 da autovía A-52.
- Copia da proposta de resolución de pago da sanción económica imposta de 1.200 € por non identificar en tempo e forma o conductor do vehículo sancionado propiedade da Deputación Provincial de Ourense multado segundo os datos xa indicados con anterioridade.
- Copia da resolución asinada en data 30/11/2023 pola deputada delegada de Facenda, dona Marta Novoa e documento de gasto para pago da sanción.

En Ourense, a 10 de abril de 2024.

Asinado: ÀLVARO VILA ARAÚJO

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE